



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as obras na ponte de Sigüeiro.

Durante o mes de setembro de 2018 estiveronse executando por parte do Ministerio de Fomento, a petición do Concello de Oroso, obras de reforzo da ponte medieval de Sigüeiro, situada na estrada N-550. Dita ponte medieval de Sigüeiro, datada nos séculos XIII-XIV e mandada levantar por Fernán Pérez de Andrade, forma parte da ruta inglesa do Camiño de Santiago, sendo un dos referentes patrimoniais de dito Camiño Inglés.

Foi o seu suposto estado de deterioro, derivado do intenso tráfico que soporta, o que levou ao Concello de Oroso a instar ao Ministerio de Fomento a realizar de maneira urxente obras para o seu reforzo. Dita intervención supuxo cementar a base dunha estrutura románico-gótica da ponte, así como o emprego de trades mecánicos para picar parte dos seus piares, segundo así constatan diferentes imaxes publicadas na prensa galega. Neste senso, consideramos que dita actuación é un novo ataque contra o patrimonio artístico galego, e unha desleixo na súa correcta conservación.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2018 13:30
Nº Rexistro: 38434
Data envío: 09/10/2018 13:30:21.806

- Houbo algunha comunicación por parte do Concello de Oroso a algún departamento da Xunta de Galiza onde se puxera en coñecemento o estado de deterioro da ponte de Sigüeiro?
- Segundo o estado da ponte medieval, en que medida era urxente a realización destas obras e que estudos se teñen realizado por parte da Xunta de Galiza para avaliar o estado de conservación e posible deterioro de dita ponte?
- Houbo algunha comunicación por parte do Ministerio de Fomento de comezo de realización de ditas obras de reforzo, así como solicitude de autorización para a realización das mesmas, tendo en conta que están no ámbito de influencia do Camiño de Santiago?
- Tendo en conta o suposto carácter urxente para a execución de esta obra, porque non se puxo en coñecemento de dito risco aos usuarios desta estrada, e non se habilitaron vías alternativas que limitaran o uso da ponte?
- Que medidas adoptou a Dirección Xeral de Patrimonio no referente ao seguimento destas obras na ponte medieval de Sigüeiro, así como do impacto de ditas obras no Camiño Inglés?
- Realizouse algún estudo de avaliación sobre o impacto medioambiental que estas obras supuxeron para a fauna e flora da bacía do río Tambre?

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2018 13:30
Nº Rexistro: 38434

Data envío: 09/10/2018 13:30:21.806

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 09/10/2018 13:29:14

María Montserrat Prado Cores na data 09/10/2018 13:29:18

Ana Pontón Mondelo na data 09/10/2018 13:29:20

Xose Luis Rivas Cruz na data 09/10/2018 13:29:21

Olalla Rodil Fernández na data 09/10/2018 13:29:22

Noa Presas Bergantiños na data 09/10/2018 13:29:24